

ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE TRAMITACIÓN KYUS FGJUDODA



• NORMAS XERÁIS DE TRAMITACIÓN:

- Admisión de peticións: **EXCLUSIVAMENTE ENTRE OS DÍAS 1 E 10 DE CADA MES**, que manterá exactamente o formato do MODELO FACILITADO pola FGJUDODA, único válido. As solicitudes recibidas a partir dese día pasarán a xestionar coas do mes seguinte.
- Ao solicitar por primeira vez calquera grao no novo sistema de xestión, o club deberá acreditar a posesión do grao anterior do federado remitindo **O CARNÉ DE SELOS DE GRAO ORIXINAL**, debidamente cumprimentado.
- Non se admitirán carnés con selos que foran manipulados ou corrixidos, tanto no relativo ao seu titular, como á disposición dos selos, que deben levar cubertos obrigatoriamente os datos do mestre que os asina (nome, apelidos, nº de título, etc), así como a data de trámite.
- En caso de que se precise **SOLICITAR UN DUPLICADO DO GRAO ACTUAL** deberá aboarse o prezo estipulado pola xestión de duplicados entre os prezos aprobados pola asemblea para a tempada en curso.
- Utilizarase exclusivamente o **MODELO DE SOLICITUDE DE GRAO NOVO** facilitado pola FGJUDODA para a tramitación.
- A resolución de incidencias nas actas enviadas farase sobre o novo modelo facilitado para esta xestión.

• OBSERVACIÓNS:

1. Todas as solicitudes deberán contar sempre coa **LICENZA EN VIGOR**.
2. O avance en cada kyu seguirá as recomendacións de prazos recollidas nas distintas normativas da RFEJYDA, até a categoría INFANTIL medio grao obrigatoriamente e coa opción de pasar a grao completo a partir da categoría CADETE.
3. As tarxetas emítense cos **datos da licenza do federado**, polo que será moi importante que o club verifique que están correctos.
4. O grao acredítase única e exclusivamente coa tarxeta oficial emitida pola FGJUDODA, ningún outro documento será válido para acreditalo.
5. PREZOS KYUS:
 - RFEJYDA 6€ - FGJUDO 6€ - CLUB 6€ – TOTAL: 18€
 - **Estos prezos entrarán en vigor co remate do curso escolar 2025/2026 (20/06/2026).**
6. Está autorizada a emisión simultánea dos KYUS que precise o deportista por **circunstancias excepcionais** debidamente acreditadas (tramítase administrativamente, emítese unicamente o carné de grao superior), atendendo aos puntos 1 e 2 desta normativa.
7. O rexistro de máis dun grao anterior terá un prezo de 20€ cada un, e deberá seleccionarse no modelo co termo “ANTERIOR”, que aparecerá no despregable que xenera este importe. Os datos do federado deberán repetirse no modelo tantas veces como sexa preciso.

En A Coruña, 30 de abril de 2026.



ASDO. EDUARDO GALÁN PALLA
Vicepresidente 1º Federación Galega de Judo
Director Escola Federativa FGJUDO